



# **BASES QUE HAN DE REXER AS NORMAS E CONDICIÓN XERAIS PARA A ADXUDICACIÓN, INSTALACIÓN E FUNCIONAMENTO TEMPORAL DE POSTOS DE VENDA E ATRACCIÓN NAS FESTAS MUNICIPAIS DEL CRISTO 2025**

## **CAPITULO I.- OBXECTO**

As presentes bases teñen por obxecto regular as condicións polas que se rexerán os titulares das autorizacións outorgadas por ocupación con atraccións, quioscos de restauración e postos de artesanía e venda variada na vía pública, con motivo de celebración das festas del Cristo 2025 no municipio do Porriño.

Quedan excluídas das presentes bases a autorización demanial para a instalación de barras de bar durante as festas do Cristo 2025.

## **CAPÍTULO II.- RÉXIME JURIDICO**

En todo o non disposto nas presentes bases, con respecto á ocupación do dominio público local, será de aplicación:

- A normativa básica e plena de Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas,
- O Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais,
- Os artigos considerados non básicos da Lei 33/2003, do 3 de novembro, antes citada,
- Cantas outras normas reguladoras do dominio público resulten de aplicación.

Sobre a actividade que se desenvolva nos espazos de dominio público será de aplicación:

- A Lei 13/2010 do 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia.
- A lei 9/2013 do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- A lei 10/2017 do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia
- A ordenanza fiscal pola instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo situados en terreo de uso público; así como na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

Respecto ao procedemento para o outorgamento de autorizacións, aplicarase o réxime previsto nas presentes bases. No non previsto nas mesmas, aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas con carácter subsidiario e os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 para resolver dúbidas e lagoas que puidese presentarse.





### CAPÍTULO III.- DISPOSICIÓN XERAIS

1.- O Concello do Porriño deseñará a configuración da zona destinada á celebración das festas: espazos infantís, casetas, atraccións para adultos, novedades, etc. atendendo á configuración da vía pública e resérvase o dereito de rexeitar aquelas instalacións que incumpran a normativa reguladora da actividade, que non se consideren aptas para a feira, ou que non se axusten ao deseño da mesma.

2.- O Concello adxudica, a cada titular, unha parcela para unha instalación (atracción, remolque, posto) concreta. As autorizacións serán individuais. Ningún destes parámetros pódese modificar, nin o titular, nin a parcela, nin a instalación.

3.- As instalacións e os seus complementos (despachos de billetes, rampas, equipos de son etc.)/ etc.), así como as terrazas, naquelas actividades que o precisen, permanecerán sempre nos límites da concesión marcada sobre o terreo.

4.- Queda terminantemente prohibido:

- Instalar sen exprésa autorización municipal.
- Instalar unha atracción distinta á asignada, aínda sendo o titular o propietario da mesma.
- A división da parcela asignada, aínda sendo o titular da parcela o titular das instalacións que se pretendan montar.
- O subarrendo en todo ou en parte, a permuta, a cesión ou calquera outra modalidade de modificación da titularidade da parcela asignada a cada industrial feirante.
- Ocupar máis espazo do que se ten asignado.

5.- O concello non permitirá ningunha instalación cuxas dimensións reais de ocupación do espazo público sexan maiores ás declaradas no momento da solicitude. No caso de que polas dimensións efectivas do aparello non sexa posible a súa instalación, o titular perderá a cantidade abonada, quedando excluído nas sucesivas Festas.

6.- A autorización de uso nos espazos permitirá ao adxudicatario a explotación económica nos termos que se especifican, e de cuxa correcta realización será plena e integralmente responsable o adxudicatario.

7.- No caso de que algúns adxudicatarios deixase de ocupar o espazo concedido perderá o dereito á devolución da cantidade abonada, dispoñendo deste terreo o Concello.

8.- As caravanas-vivendas situaranse no espazo fixado polo Concello á beira do recinto feiral, previa comunicación da intención da montaxe por parte do adxudicatario. Queda terminantemente prohibido aparcar as caravanas fose do lugar reservado para a súa instalación. Calquera caravana, vehículo particular ou camión que non estea debidamente rexistrado poderá ser penalizado e retirado pola Policía Local da devandita zona.

A alimentación eléctrica realizarase polos seus propios medios (grupos electróxenos, motor da caravana etc.)/ etc.) sendo responsabilidade súa a instalación acometida.





O concello proverá de punto de auga na zona destinada ás caravanas-vivendas.

9.- Os camións situaranse no aparcamento ou lugar designado pola unidade de tráfico da Policía Local.

10.- O Concello de ou Porriño decidirá sobre todas as incidencias que poidan xurdir durante a celebración das Festas resolvendo no acto calquera litixio, sendo as súas decisións irrevogables.

12.- Establecerase un tramo de 3 horas de 17:00 a 20:00 h, durante a celebración das festas, sen ruído nin música para facilitar a accesibilidade a persoas afectadas por TEA e/o outros trastornos que dificulten o seu acceso á feira.

13.- **O día do nenox: 29 de setembro.** O custe das atraccións deberá ser acordado entre os feirantes e o concello

14.- A instalación (atracción, quiosco, remolque ou posto) supón a aceptación destas bases en todo o seu contido.

15.- As presentes bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios deste Concello e na páxina web municipal, dándolle a maior difusión posible, en aras a garantir a concorrencia esixida no artigo 92 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

#### CAPÍTULO IV.- CARACTERÍSTICAS E USOS DA ZONA DO FEIRAL

Para a celebración das Festas del Cristo non se conta con recinto feiral pechado. As atraccións, quioscos ou bares, postos de alimentación e de venda de artesanía e/o produtos varios instalaranse ao longo da rúa Ramón Gonzalez e Manuel Rodriguez: así como nos terreos dispoñibles na rúa Leandro Diz.

O Concello do Porriño deseñará a configuración da zona destinada á celebración das festas: espazos infantís, casetas, atraccións para adultos, postos de venda, zonas reservadas para actividades programadas, etc...., atendendo en todo caso á configuración da vía pública e garantindo a seguridade dos asistentes. Para iso asignaranse parcelas para as instalacións conforme ao disposto nas presentes Bases.

Ao ocupar as instalacións a vía pública deberase dar cumprimento en todo caso aos sinais e indicacións marcadas pola Policía Local con obxecto de garantir unha adecuada convivencia cos veciños e demais persoas que transitén pola zona en diferentes horarios.

#### CAPÍTULO V.- DURACIÓN E HORARIOS DAS FESTAS

As autorizacións permitirán o uso do terreo público para o desenvolvemento da actividade feiral, mediante a instalación e ocupación de atraccións, quioscos, postos e casetas de feira, desde o **venres 26 de setembro ata o 5 de outubro**, ambos inclusive.

Ao non tratarse dun recinto feiral pechado senón da ocupación de diferentes rúas do municipio e terreos abertos, a montaxe das referidas atraccións e casetas deberá realizarse con anterioridade ao comezo das festas, **podendo iniciarse a partir das 09:00 horas do luns 15 de setembro do 2025**. Con todo, aquelas instalacións que, por diferentes motivos, deban instalarse antes da data anteriormente indicada, deberán comunicalo previamente ao Concello





para a súa valoración e autorización. Co fin de garantir con tempo o funcionamento do recinto feiral, todos postos, casetas e atraccións deben estar montados con anterioridade ao comezo das festas, sendo o **prazo máximo para a súa montaxe o martes 23 de setembro do 2025.**

Advírtese aos interesados, que a documentación preceptiva para a posta en funcionamento das instalacións, recollida no Capítulo seguinte, debe estar presentada no Concello, para comprobar a veracidade dos datos e dos documentos achegados, así como o cumprimento dos requisitos formais esixidos, por parte dos Servizos Técnicos e emisión dos correspondentes informes.

O horario de funcionamento das instalacións autorizadas axustarase ao disposto na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e á orde do 23 de outubro do 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

**O espazo destinado á celebración das festas deberá quedar libre, no caso da zona peonil da rúa Ramón Gonzalez e Manuel Rodriguez, o domingo 28 e luns 29 de setembro 9:00 horas.**

**Os postos terán que estar desmontados, e por tanto, deberá quedar libre o luns 8 de outubro ás 14:00 horas para realizar a apertura ao tráfico das rúas afectadas. Igualmente deberán retirar as caravanas, camións, etc.... utilizados durante a feira.**

## CAPÍTULO VI.- AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN E ASIGNACIÓN DE ESPAZOS

### 1.- Presentación de solicitudes e documentación:

Todos os interesados en obter autorización para instalar atraccións, quioscos, postos ou casetas deberán presentar solicitude (modelo oficial obtido da páxina web do Concello) xunto co resto de documentación requirida para cada tipo de instalación nas presentes bases, no rexistro xeral do Concello ou a través da sede electrónica <https://oporrino.sedelectronica.gal/info>.

Tamén poderá presentarse nas formas previstas na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común. Con todo, no caso de presentarse fose do Concello, o/a solicitante deberá dirixir por correo electrónico á dirección [rexistro@oporrino.org](mailto:rexistro@oporrino.org) unha copia da instancia debidamente presentada con anterioridade ao final do prazo, a efectos de que poida ser incluída na relación de solicitantes.

O prazo para presentar as solicitudes estará aberto **dende a publicación das bases ata o 29 de agosto as 14:00 horas, ambos os inclusivos.**

En caso de non presentar a solicitude no prazo establecido anteriormente, entenderase que non está interesado en participar na celebración das festas mencionadas.

A presentación da solicitude, xunto co resto de documentación esixida nestas bases, non supón autorización para a montaxe da instalación, debendo o Concello resolver expresamente a autorización para a montaxe da atracción conforme aos criterios recolleitos no Capítulo III das presentes Bases.





O Concello poderá abrir un novo prazo extraordinario para presentar solicitudes con obxecto de cubrir, no seu caso, os espazos que quedasen libres.

## 2.- Corrección de defectos de forma ou de documentación:

Se a solicitude presentada non reúne os requisitos ou se a documentación está incompleta, requirirase ao interesado, por unha soa vez, para que no prazo de cinco días emende a falta ou acompañe a documentación preceptiva con indicación de que, se así non o fixese, entenderase esta como non presentada, non estando por tanto autorizado para a montaxe do posto de venda, barraca, tóbola, caseta para espectáculo ou atracción solicitada durante as festas.

## 3.- Documentación a presentar xunto á solicitude:

O solicitante deberá presentar obrigatoriamente a seguinte documentación:

- Instancia de solicitude oficial (Anexo das Bases) debidamente cuberta. Presentarase unha solicitude por cada titular, atracción e parcela á que se quere optar.
- Fotocopia do Documento de Identidade vixente e C.I.F. no caso de persoas xurídicas. Poder notarial ou documento que acredite a representación cando cumpla.
- Certificado tributario vixente que acredite estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas.
- Certificados vixentes de estar ao corrente das Obrigacións Tributarias (Axencia Tributaria Estatal, facenda autonómica, Seguridade Social e Facenda Local).
- Certificado do contrato de seguro, ou pólica do seguro que acredite a contía mínima vixente en cada momento, que cubra os riscos de responsabilidade civil por danos aos concorrentes e a terceiros, derivados das condicións e servizos das instalacións e estruturas, así como da actividade desenvolta e do persoal que preste os seus servizos no mesmo.
- Recibo do pago en vigor do Seguro Obrigatorio do punto anterior.
- Fotografía en cor da instalación (atracción, quiosco, caseta ou posto)
- No caso de postos de atraccións deberán achegar, atendendo ao artigo 5 do RD 226/2022 do 22 de decembro:
  - ⇒ O proxecto da atracción que recolla a información necesaria para a realización das inspeccións e verificacións de montaxe e das probas de funcionamento e, como mínimo, os puntos de control, as tolerancias admisibles, as velocidades máximas, os límites de idade, a altura e o peso permitido ás persoas usuarias.
  - ⇒ O manual de funcionamento que incorpore instrucións comprensibles, en galego ou en castelán, relativas á montaxe, o funcionamento e o mantemento. Tamén debe recoller os requisitos de cualificación do persoal de montaxe, funcionamento e mantemento.
  - ⇒ O libro de operacións que identifique con claridade a atracción e conteña os datos sobre a data de adquisición, o historial das reparacións efectuadas, as modificacións e as inspeccións realizadas.





- Plano ou esbozo no que se reflecta a infraestrutura para montar e a superficie para ocupar.
- Certificado de Instalación Eléctrica en Baixa Tensión Anual ou Certificado de Instalación Eléctrica en Baixa tensión para unha soa instalación.
- En caso de ser montaxes de posto diarios e que a subministración eléctrica realícese mediante xerador presentarase Certificado de homologación ou Declaración CE de conformidade do xerador.
- Carpas: certificado de ignifugación e reacción ao lume.
- Certificado de revisión en vigor dos extintores e instalacións de protección contra incendios.
- Autoliquidación das Taxas de Dominio Público e a Taxa de Conexións no seu caso, debendo achegar carta e xustificante de pago.

Ademais, en función do tipo de instalación presentaranse os seguintes documentos:

**Para postos alimentación – bares/hostalería:**

- Contrato de xestión por empresa autorizada dos aceites vexetais usados para todas aquelas casetas ou barras que utilicen aceites vexetais.
- Se dispón instalación de gas, certificado de instalación e posta en marcha da instalación de gas vixente ou certificado da última revisión realizada por instalador habilitado en vigor.
- Certificado de Formación de Manipulador de Alimentos de todo o persoal que vaia a estar no posto.

**4.- Autorización e asignación do espazo:**

Unha vez revisese a documentación presentada e compróbese por parte dos Servizos Técnicos municipais que cumple co establecido nestas Bases, emitiranse os informes precisos motivados para que se proceda por parte do órgano competente a acordar a autorización administrativa para a montaxe do posto de venda, barraca, tóbola, caseta para espectáculo ou atracción.

Previamente á emisión da autorización e, confirmada a aceptación da solicitude, os/as interesados/as formalizarán o correspondente pago de taxas previsto na Ordenanza municipal en vigor no ORAL (Deputación de Provincial de Pontevedra).

Postos para a venda de xéneros e calquera outro na vía pública do núcleo urbano.		1.32 €/m <sup>2</sup> día
Barracas, tóbolas, casetas para espectáculos ou atracciones.	Ata 25m <sup>2</sup>	3.51 € día
	Por cada m <sup>2</sup> máis	0.34 € día

Non se emitirá autorización algúna e, por tanto, non se permitirá a montaxe de posto de venda, barraca, tóbola, caseta para espectáculo ou atracción sen a debida presentación do xustificante de pago.





A notificación do acordo do órgano competente dará dereito a realizar a instalación nas datas indicadas no seguinte Capítulo das bases, debendo cumplir en todo caso as condicións recollidas no mesmo.

Dita notificación deberá ser mostrada ao persoal do Concello que o solicitase e colocada nun lugar visible durante todo o tempo da ocupación.

## CAPÍTULO VII.- AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO, A CONEXIÓN ELÉCTRICA E O FUNCIONAMENTO

En relación á instalación eléctrica, a documentación para presentar será a seguinte:

- Certificado de Instalación Eléctrica en Baixa Tensión, asinada por instalador autorizado e dilixenciado por órgano competente en materia de industria, da execución da instalación na ejecución e datas propostas.
- En caso de Certificado de Instalación Eléctrica en Baixa Tensión de validez Anual:
  - ⇒ Certificado de montaxe da instalación de carácter temporal de feira en locais ou emprazamentos abertos debidamente asinados por un instalador autorizado e dilixenciados por unha EICI.
  - ⇒ Folla de ruta da instalación de carácter temporal de feira en locais ou emprazamentos abertos debidamente asinados por un instalador autorizado e dilixenciados por unha EICI.

Unha vez realizado a montaxe da atracción por parte da concesionaria da autorización deberá notificalo ao concello para que os servizos técnicos realicen a comprobación e emitan o informe correspondente con constatación fidedigna de que se probou o correcto funcionamento da instalación para o seu funcionamiento.

Os servizos técnicos poderán realizar, en calquera momento, inspeccións das atraccións de forma aleatoria durante a vixencia da autorización.

Deberase respectar en todo momento as indicacións dadas pola inspección técnica autorizada polo concello do Porriño. En caso de non respectarse a Polícia Local procederá ao precinto da instalación e ordenará o seu levantamento.

## CAPÍTULO VIII.- NORMAS, OBRIGACIÓNNS E PROHIBICIÓNNS DOS ADXUDICATARIOS

Os adxudicatarios ou titulares das instalacións deberán cumplir as seguintes obligacións e prohibicións:

### 1.- Pagos

Serán por conta dos adxudicatarios todos os gastos e tributos derivados da explotación das distintas instalacións.

Os adxudicatarios, en canto ao persoal que contraten, serán pola súa conta e estarán obrigados a cumplir respecto a os empregados, todo o lexislado en materia laboral, Seguridade Social e Prevención de Riscos Laborais. Este persoal non terá relación de dependencia algunha co Concello.





## 2.- Normas

As instalacións mecánicas, ou doutro tipo, estarán legalmente homologadas e en adecuado estado de conservación e limpeza. En condicións de uso normal non implicarán nunca risco para a saúde e seguridade dos usuarios e visitantes do recinto.

Queda terminantemente prohibido manter as instalacións funcionando máis tarde do horario de peche establecido na Orde do 23 de outubro do 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Os adxudicatarios teñen a obrigación de expender todas as consumicións en recipientes de plástico que a organización determine, para evitar a posible utilización de vasos e botellas de vidro en altercados e pelexas.

Queda terminantemente prohibido acceder ou permanecer na zona reservada ao feiral, antes ou despois dos días indicados nos prazos de montaxe e desmonte.

Considerando as datas de instalación do recinto feiral terase en conta o uso de aparellos de música e megafonía, para que non se produzan molestias aos veciños por ruídos.

Os adxudicatarios teñen a obrigación de controlar o volume dos seus equipos de música (altofalantes, bafles, sirenas etc.)/ etc.) Todas as instalacións orientarán as súas bafles e altofalantes facía o interior, controlando antes de empezar a funcionar que o seu son non invada aos negocios lindieiros. En todo momento as autoridades e axentes da mesma que realizarán tarefas ou actividades de inspección e comprobación poderán requerir aos titulares a minoración ou eliminación transitoria do nivel de ruídos emitidos para realizar adecuadamente actuacións programadas. Nos casos de interferencia nos espectáculos organizados polo concello, poderase requerir a limitación de uso de música nas atraccións, mentres dure a actividade municipal.

Os autorizados terán a obligación de respectar, en canto ao nivel máximo permitido respecto a os ruídos e dicíbeis, a seguinte escala:

- De 17:00 ata as 20:00 horas establecerase como espazo sen ruído e deberán habilitar un acceso independente (sen gardar a quenda) para aquelas persoas con diversidade funcional.
- De 19:30 ata as 00:00 non poderán superar os 80 dicíbeis.
- De 00:00 ata o peche será, como máximo, de 70 dicíbeis.
- Durante os actos relixiosos del 28 y 29 de setembro os postos de venda ou atraccións terán que estar parados e sen música.

No caso de producirse un accidente nalgunha das atraccións esta/s paralizará/n a súa actividade ata que os técnicos autorizados polo concello garantan que se reúne todas as normas de seguridade para o normal funcionamento da actividade.

## 3.- Normativa de aplicación na zona reservada á celebración das festas

#De acordo con a Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre Drogas, queda terminantemente prohibida a venda ou suministración de bebidas alcohólicas aos menores de dezaoito anos.





Esta norma é tamén de aplicación ás casetas de tiro e similares que expenden botellas de sidra, champaña etc. O incumprimento desta Lei tipifícase como falta moi grave e poderá dar lugar á retirada da autorización da instalación.

#De acordo con o Art. 4 do Real Decreto 137/1993 do 29 de xaneiro, queda prohibida a venda de armas como son os puñais de calquera clase, as navallas automáticas, de bolboreta e en xeral calquera instrumento especialmente perigoso para a integridade física das persoas. Á marxe da sanción correspondente, a Policía Local comisará este material se é detectado nas súas inspeccións.

#### **4.- Información ao público**

Os adxudicatarios deberán ser especialmente escrupulosos en ofrecer unha coidada e eficiente información dos seus servizos ao público.

Os prezos dos distintos produtos, servizos e atraccións atoparanse sempre á vista do público.

Nas atraccións mecánicas ou doutro tipo, susceptibles de orixinar algúns riscos para os seus usuarios, será obligatorio informar de forma eficaz mediante carteis visibles ao público sobre as condicións, instrucións ou indicacións para o seu correcto uso, facendo fincapé na idade e tamaño mínimo ou máximo das persoas que poden utilizarla. Ditas condicións de uso normal deberán expoñerse convenientemente, polo menos nos lugares de abono e pago dos prezos correspondentes para os usuarios.

As instalacións de hostalería deberán exhibir unha lista de prezos ao público, na barra e nas mesas, deberán contar ademais con impresos de follas de reclamación ao dispor dos clientes.

En todas as instalacións en que se venda ou facilite de calquera xeito ou forma bebidas alcohólicas ou tabaco informarase de que a Lei prohíbe a súa adquisición e consumo polos menores de dezaoito anos, así como a venda ou subministración aos mesmos. Esta información realizarase mediante anuncios ou carteis de carácter permanente, fixados en forma visible no mesmo punto de expedición.

#### **5.- Limpeza, reparación e varios**

As actividades de hostalería, tanto as instalacións como o persoal, deben cumplir coa normativa vixente en canto a sanidade e hixiene.

Queda terminantemente prohibido o depósito de residuos ou desperdicios fóra dos espazos e recipientes habilitados para tal función.

Queda prohibido o aparcamento no Recinto Feiral de vehículos non autorizados, é dicir, que non estean identificados como parte das atraccións instaladas.

Os adxudicatarios non poderán efectuar tarefas de reparación ou conservación das atraccións que non se xustifiquen por avarías producidas no desenvolvemento da Feira, sendo responsable da deterioración que se ocasione no recinto (manchas de aceite, combustible, deterioración do pavimento ou mobiliario público etc.)/ etc.) o titular da instalación e quedando obrigado a deixar en perfecto estado de limpeza o Recinto cando termine a Feira.





Do mesmo xeito que no resto de vías públicas, queda terminantemente prohibida a venda ambulante en todo o Recinto, podendo proceder o Concello ao desaloxo dos vendedores e comisar os artigos expostos para a venda.

Todas as instalacións deberán reunir as condicións legais establecidas na lexislación vixente e nos apartados anteriores.

#### **6.- Requisitos mínimos relativos á hixiene dos produtos alimenticios**

En aplicación ao disposto no regulamento CE 852/2004, naquelas casetas e/o postos nos que se ofrezan alimentos deberanse cumplir os seguintes requisitos:

- Casetas teitadas e debidamente defendidas das inclemencias do tempo. Deben estar en bo estado e limpas.
- Todas as casetas destinadas á elaboración de alimentos, distribución e venda, estarán debidamente illadas de calquera foco que poida causar contaminación. Evitarase no posible chan terrizo.
- Deben dispoñer dun punto de auga corrente e desaugadoiro.
- Sempre que sexa posible dispoñerán de instalación ou recipiente exclusivo para o lavado hixiénico das mans con dosificadores de xabón e toallas dun só uso, para o persoal que manipula os alimentos.
- Os pratos, vasos e cubertos, de carecer de lavalouzas, serán dun só uso.
- As superficies e útiles deben estar en bo estado, ser fáceis de limpar, e desinfectar, debendo contar con materia para a súa limpeza.
- Deben contar con cubos de lixo con peche hermético de accionamento non manual e con bolsa que permanecerán pechados e en lugar illado dos alimentos.
- Contratarase a unha empresa responsable a xestión do aceite usado, en ningún caso tirarase á rede de sumidoiros.
- Deben contar con cámaras de refrixeración e/o conxelación de capacidade suficiente, dotadas de termómetro, para o almacenamento de alimentos crús e/o elaborados correctamente envasados e illados.
- Os alimentos e materias primas expostas taparanse e protexerán dos raios solares e do público mediante cámaras refrixeradas, vitrinas ou similar.
- A desconxelación de alimentos sempre debe facerse en refrixeración.
- Os alimentos non se colocarán directamente sobre o chan.
- O persoal manipulador debe levar roupa limpia, coidar en extremo a hixiene persoal, deberanse lavar frecuentemente as mans e sempre despois de que se realice calquera actividade que sexa susceptible de causar contaminación nos alimentos.
- Todas as persoas que manipulen alimentos deben acreditar recibir formación en hixiene alimentaria mediante presentación de Certificado ou Diploma de formación en hixiene alimentaria.
- Todos os produtos alimenticios deberán cumplir a súa lexislación específica.
- Nos postos que se vendan produtos alimenticios a granel (froitos secos, encurtidos, legumes, doces etc.)/ etc.) estes non poderán estar en





contacto co chan, non se permitirá a venda en réxime de autoservizo e será necesario o uso de pinzas.

**Outros requisitos:**

- Prohibese a permanencia de animais na caseta.
- Débense manter, en todo momento, albarás ou facturas de compra de todos os produtos alimenticios. Esta documentación estará ao dispor da inspección sanitaria.
- Se o tipo de alimento ou a época estacional, propician a presenza de insectos voadores é necesario a colocación de dispositivos de tipo non químico antiinsectos.

**CAPITULO IX.- OBRIGACIÓN DO CONCELLO**

O Concello fará público con suficiente tempo de antelación: os prazos de solicitude, presentación de documentación, datas de pago, data das festas, modificacións no Recinto etc.

O Concello expedirá a autorización de instalación e funcionamento aos feirantes. A alteración dalgún dato da mesma (titular, atracción e parcela concedida) pode conllevar, de maneira inmediata, a anulación da autorización.

O Concello dispoñerá de suficientes contedores de lixo e responsabilizarase da recollida dos mesmos, así como da limpeza viaria do Recinto.

O Concello non será responsable de ningún tipo de accidente que puder ocorrer por fallo das atraccións, culpa ou neglixencia por parte do titular ou persoal ao seu cargo, nin por danos ocasionados a terceiros.

**Documento asinado digitalmente na data que se indica ao marxe**





## ANEXO II: PLANOS DE SITUACIÓN

Zona de montaxe das atraccións, postos de venda, barracas, tómbola ou caseta para espectaculo.





Concello do Porriño





Concello do Porriño

### Zona de aparcamiento das caravanas – viviendas





Concello do Porriño

**ANEXO I: SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN  
PARA PARTICIPAR NA FESTA: CRISTO 2025**

**DATOS DO SOLICITANTE (ENCHER EN MAIÚSCULAS)**

NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL				
NIF/CIF/NIE				
DIRECCIÓN A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	RÚA Nº	BLOQUE	PORTAL	PISO
POBOACIÓN	CÓDIGO POSTAL			
TELÉFONO				
DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO				

En caso de actuar en calidad de representante:

NOME DO REPRESENTANTE	
DNI/NIF/NIE DO REPRESENTANTE E TÍTULO DE REPRESENTACIÓN	

SOLICITO QUE SE INICIE O EXPEDIENTE PARA A AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN NA FESTA DO CRISTO 2025.

**USO DA VÍA PÚBLICA (ESPECIFICAR CAL É O FEITO IMPOÑIBLE  
MARCANDO CUNHA X)**

**TAXA QUE SE LIQUIDA**

A) POSTO PARA VENDA DE XÉNEROS E CALQUERA OUTRO NA VÍA PÚBLICA URBANO	1,32 €/M2 DÍA
B) BARRACAS, TÓMBOLAS, CASETAS PARA ESPECTÁCULOS E ATRACCIONES	ATA 25 M2 POR CADA M2 MÁS
C) CIRCOS	ATA 500 M2 POR CADA 100 M2 M
	3,51 € DÍA 0,34 € DÍA 34,96 M2 2,10 € DÍA

ESPECIFICAR USO:	
M2 SUPERFICIE A OCUPAR	
Nº DE APARATOS/OUTROS	

O Porriño, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2025

Sinatura do solicitante



